

Corpo, ese elemento humano compartido por todos. Ese “obxecto” que nos une e conecta aínda que non queiramos. Común máis alá da relixión, raza, sexo, idade, nacionalidade...; acompaña constantemente a nosa existencia. Cavidade e cadea material que ampara o noso pensar e sentir. Máscara e fachada que oculta case sempre a verdadeira beleza, a que se esconde no noso interior, a ocultada pola sociedade. Muro que se ergue tras o paso da vida e da experiencia co Outro. Elemento efémero que pode agretarse e derrubarse con un simple suspiro, unha mirada ou unha palabra. Fráxil pero ó mesmo tempo poderoso. Lugar de cobizo e a única cárcere existente totalmente infranqueable. Infinito, sen límites, fainos voar, soñar, pero tamén esvarar e caer. Pero así como cae, volve a erguerse, a percorrer, para proseguir o seu camiño. Camiño que se cruza con outros sendeiros, os debuxados por outros corpos. Son polo tanto, corpos que camiñan a par, en paralelo, nun mesmo tempo e espazo, o presente.

E é **Corpos en paralelo** o enunciado que xustamente da título a esta mostra. Esta recolle obras dos actuais alumnos do Ciclo Superior de Artes aplicadas á Escultura da Escola de Arte e Superior de Deseño Mestre Mateo. Composta por vinte e sete obras, todas elas pertencentes a distintos campos da expresión e elaboradas baixo multiplicidade de recursos técnicos e materiais, levan gravadas as singulares pegadas dos seus creadores. As súas inquedanzas, as súas propias miradas, as súas orixes e historias, os seus anhelos, as estruturas e prexuízos culturais por eles asumidos...; están presentes neses corpos alumeados e erguidos polas súas mans.

Tallados, modelados, pulidos, baldeirados, patinados...; non lles importa neles o cómo, senón o qué e o por qué. É dicir, a pesar de expresarse todos eles baixo unha importante labor manual que claramente sorprende nun primeiro momento o noso sentido dominante, á vista, nunha primeira mirada, tras ese etéreo e transparente velo que serve para ocultar, escóndese, en todas elas, unha profunda análise intelectual que non é mais que unha forte proxección deles mesmos. Figuracións, fragmentos, liñas abstractas que evocan novos universos e formas ideais...; móstranse como escusas, como poesías visuais, que tratan de atraparnos, por uns intres, nese recorrido paralelo descrito por elas nesta exposición.